



## ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR DE INFESTA

15 DE XUÑO DE 2018

### ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación da acta anterior, xuntanza de data 15 de decembro de 2017.
- 2.- Orzamentos participativos de 2018.
- 3.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo ás vinte horas, do día quince de xuño de dous mil dezaoto, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes :

- José Carlos García Taibo, representante do PSOE
- María del Carmen González Monteiro, representante do PP
- Jessica García Cruz, representante do BNG
- Patricia Martínez Dosantos, representante das asociacións veciñais
- Manuel Davila García, representante das asociacións veciñais
- Cándido Vilaboa Figueroa, representante da comunidade de montes
- Enrique Crespo Costas, representante da comisión de festas
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións deportivas
- Luis Crespo Orge, representante das comunidades de augas
- Iván Óscar Amoedo Álvarez, representante das ANPAS

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Arturo González Barbeiro, asistidos por mín, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

### 1.- Aprobación da acta anterior, xuntanza de data 15 de decembro de 2018

Sométese á aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o 15 de decembro de 2017, quedando aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Jessica García Cruz, Patricia Martínez Dosantos e Iván Óscar Amoedo Álvarez por non teren asistido á devandita xuntanza.

### 2.- Orzamentos participativos de 2018.

Manuel Davila García di que a decisión do investimento para os participativos deste ano é a ampliación do muro de Pedro Morto, pero que queren solicitar outro orzamento porque o que considerou o técnico municipal por 30.000 parécelles moi elevado, polo que falarán cun canteiro e pedirán outro.

O Presidente informa que cando se saque a licitación pode haber ofertas á baixa, aínda que tamén pode haber a alta, e que o orzamento que se solicite deberá ser das mesmas características que o do técnico municipal.

Edesio Crespo Loureiro di que xa se falara anteriormente de que se cos participativos

---

**Concello de Redondela**



non chegaba para rematar o muro o resto o facía o Concello con cargo aos orzamentos xerais, que incluían varandas, asfaltado e adecentamento da estrada, e que cando se fixera se avisaría á comunidade de auga para que metera a tubería e así deixalo arranxado.

O Presidente di que se rematará o muro con cargo aos participativos e o que falte se fará con cargo aos xerais do concello.

### **3 .- Rogos e preguntas.**

Enrique Crespo Costas di que hai unha rebouza caída no Camiño de Rubiás e fochancas na estrada.

Iván Óscar Amoedo Álvarez di que no colexio se necesita facer un paso de peóns no lado dereito, limpeza nas cunetas e pintas o paso de peóns do lado esquerdo.

O Presidente informa que se vai a renovar a pintura e do lado dereito se pode facer un paso de peóns. No consello escolar se falou da necesidade de arranxar o pavimento do terreo cedido de montes.

Edesio Crespo Loureiro di que o pavimentado non é prioritario e que se dixo que o Concello só investiría en actuacións situadas en titularidade municipal.

Cándido Vilaboa Figueroa di que ese terreo da servizo a toda a veciñanza.

Jessica García Cruz solicita a información sobre a obra de AENA e saber qué se lle informou á veciñanza. Aparece un lavadoiro de camións ao lado dunha vivenda, que logo se reubicou. O impacto visual é moi importante, xa que se trata de dous muros de 7 metros de altura, polo que alomenos é algo para comentar. Asemade non hai ningunha seguridade viaria, só unha sinal de limitación de velocidade de 20 nunha esquina que case non se ve.

O Presidente informa que o proxecto é supramunicipal, polos servizos técnicos do Concello o único que se fixo foi informar favorablemente ao que estaba feito.

María del Carmen González Monteiro di que non hai seguridade tampouco con referencia á obra, porque se cae unha pedra chega abaixo.

O Presidente di que enviará a revisar a seguridade viaria e a da obra en horario de traballo.

Cándido Vilaboa Figueroa di que agora a obra estase facendo escalonada para que sexa seguro, o que si se está desfacendo é a estrada.

O Presidente informa que hai unha reportaxe fotográfica de como estaba a estrada para as posibles reclamacións.

Manuel Davila García pregunta polos saneamentos do colexio, que levan 2 anos que xa se ían empezar, o da Chousa, a prolongación de Pedro Morto e o de Millarada.

O Presidente di que algúns deles están no remanente.



Cándido Vilaboa Figueroa informa que o de Tombo de Miguel xa está contratado.

O Presidente di que pasará o calendario dos saneamentos por correo electrónico.

Edesio Crespo Loureiro pregunta polo saneamento de Pica Morena da xeral para arriba no que faltan 3 vivendas por conectar.

Cándido Vilaboa Figueroa di que como é algo pequeno o farán os operarios do Concello, porque se hai que facer proxecto retrarase moito a obra.

Manuel Davila García di que no Camiño das Telleiras habería que meter tamén o saneamento. Hai tamén un problema co contedor na Baixasa dos Eidos, que está no medio da estrada, polo que ou ben se retira ou ben se cambio de lugar, porque tal como está resulta un perigo para a circulación dos vehículos. Asemade pregunta polas beirarrúas na Estrada do Colexio, xa que parece que hai problemas co informe do arquitecto municipal.

Cándido Vilaboa Figueroa di que o retranqueo só se fará por un lado e non polo lado das beirarrúas.

Manuel Davila García di que deste xeito o que se conseguirá é facer unha curva moi pechada.

O Presidente di que para o retranqueo habería que expropiar. Manuel Davila García di que falando coa xente se poderían conseguir as cesións, xa que é un beneficio para toda a veciñanza.

Manuel Davila García pregunta pola situación do polígono de Cartas, xa que habería que darlle solución. O Concello ten cesións e habería que meter o abastecemento de auga e o saneamento e limpar todo, Neste momento a fosa séptica bota por fora.

O Presidente di que este polígono naceu mal e se fixeron negociacións con Construcións Dios e cos herdeiros de Ferreirós e o maior problema é o saneamento. O Concello aínda non ten os terreos, xa que isto implicaría que a obra está recepcionada e non se pode recepcionar porque ésta non é acorde aos proxectos. Hai algúns acordos, Mos vai abastecer a auga, pero faltan o saneamento, as beirarrúas e o alumeado. Entre os construtores hai problemas que non axudan a atopar solucións.

Manuel Davila García di que o problema máis urxente é o da auga, porque non se pode edificar nin facer nada.

O Presidente di que o maior problema é o saneamento, o segundo é o tendido eléctrico, despois están as beirarrúas que nin siquera cumpren coa normativa en moitos lugares e o pavimento está roto. En moitos lugares atopámonos con urbanizacións fantasma como esta.

Manuel Davila García pide que se inste á Deputación para que remate a obra da Estrada do Galleiro.

O Presidente informa que xa se lle solicitou á Deputación e respostaron que a van rematar, pero non din cando.



Jessica García Cruz informa que esta obra ía case ata o Campo de Fútbol, pero o anterior goberno da Deputación fixo un trozo máis pequeno cos cartos que había orzamentados para toda a obra.

Cándido Vilaboa Figueroa informa que a obra orixinal levaba un metro de muro e a veciñanza dixo que non a quería así e se modificou o que levou un encarecemento, tamén se preparou o saneamento co compromiso de rematala ao ano seguinte.

Jessica García Cruz di que o proxecto orixinal contemplaba un tramo moito máis amplo e que habería que valorar se eran necesarios eses muros. Tíñase que ter feito máis supervisión e non gastar eses cartos en muros de tres pedras, dos que non se valorou a súa necesidade.

Manuel Davila García di que está a favor dos muros tal e como están e que son a mellor solución de cara á seguridade.

Edesio Crespo Loureiro di que cando se falou desta estrada o muro tiña 2 pedras e valado e a veciñanza non quería o valado, polo que se cambiou pola pedra e que habería que facer máis control por parte da dirección da obra.

Cándido Vilaboa Figueroa informa que os técnicos da Deputación viñeron e falaron coa veciñanza e houbo moito control.

O Presidente informa que a obra tiña asignada unha cantidade de cartos para realizarse dunha forma concreta e para unha maior distancia. A modificación foi resultado do consenso coa Deputación, que poñía os cartos, o Concello que era o mediador e a veciñanza, que ía ser a usuaria da obra. A Deputación comprometéuse a rematar a obra no seguinte exercicio. Cada un pode interpretar se son mellores os muros ou os valados, pero o resultado desta obra foi un acordo entre todas as partes implicadas. A estrada a ten que rematar a Deputación, que di que o vai facer nas mesmas condicións.

Manuel Davila García di que no Camiño Xacobeo, na zona que ven por abaixo do Campo de Fútbol hai que meter tubo e facer cunetas.

O Presidente informa que é titularidade da Xunta de Galicia e que ésta en menos de 10 días ven recorrer Redondela para ver as melloras que hai que facer.

Manuel Davila García di que hai que tirar o muro na Estrada do Galleiro onde se parou a obra porque xa hai sentenza.

O Presidente di que a propiedade está en fuga. O problema en derribar o muro radica en saber que o ten que facer se a Deputación, que é a titular da estrada ou o Concello que é que da a licenza.

Manuel Davila García di que o terreo é de montes. Cándido Vilaboa Figueroa di que o BNG pode preguntar na Deputación.

Jessica García Cruz di que todos poden preguntar.

Manuel Davila García pregunta se hai algunha solución para o autobús que leva ao



Cunqueiro, xa que a veciñanza neste intre ten que coller un autobús para ir a Redondela, outro para ir á estación de autobuses e por último o VITRASA para chegar ao hospital, polo que se necesitaría un autobús que fora directo.

O Presidente informa que lle fai falta a todas as parroquias do Concello e é coñecedor da necesidade. Houbo unha xuntanza na Xunta en Vigo para tratar este problema de reorganización do transporte interurbano. No ano 2019 vencen todas as concesións, polo que haberá que reestruturar o servizo de acordo ás novas necesidades, senon non se poderán renovar as concesións.

Manuel Davila García pregunta porque se retiraron as randeiras se están en término municipal. Según informacións houbo unha carta do cura solicitando que se retiraran porque o terreo era seu. Se isto é así terá que denunciar e demostrar que é del.

O Presidente informa que se están renovando e restaurando os parques infantís. Ás veces retíranse os elementos para o seu arranxado, pero se o terreo é municipal e está inventariado non se quitan por moita carta que envíe calquera persoa. Para demostrar que un terreo non é municipal hai que abrir un expediente para comprobar a titularidade e logo ten que ir ao Pleno do Concello.

Edesio Crespo Loureiro pregunta polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

O Presidente informa que se puxo a exposición pública o borrador do plan para a avaliación medioambiental e para que a empresa explique o borrador e estará aberto á suxerencias. Houbo un cambio na lei e a elaboración do plan sufriu un retraso porque houbo que realizar modificacións, que teñen o consenso das forzas políticas municipais.

E, non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo ás vinte e unha horas e corenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.